

## *Estampas Gondomareñas III*

---

ANTONIO DE BADE

### DE FESTAS E ROMARÍAS

Xa teño dito noutras ocasións que o verán é a estación do ano máis democrática de todas, mesmo cando non había democracia, e coido que por iso foi escollida polos humanos coma a época máis propicia para as festas e as romaras. Tamén é certo que os veráns de antes non eran coma os de agora, a calor era calor, e sempre acompañaba aos festexos cunha certa complicidade que predispoñía ás xentes a deixarse levar polos instintos, fosen baixos ou básicos, que o Santo do día nunca se fixaba niso.

De todas as romarías de Gondomar que este cronista ten vivido, hai dúas ás que lles teño un especial aprezo e lembranza, cicais por seren as que mellor representaban aquel microcosmos e o estado de ánimo dos seus habitantes: o San Bieito e o San Miguel de Peitieiros.

### 11 DE XULLO

Semanas antes da festa grande cada quen comezaba a preparala á súa maneira. O Mordomo cumpría coa súa obriga saíndo a pedir pola parroquia e recibindo con desigual xesto as doazóns dos veciños, segundo fosen en cartos ou en especie. Tamén na maioría das casas se facían extras; un vestido ou un traxe novos, uns zapatos... e até se lle puña sentenza ao galo pedrés que tantos coidados e piropos recibira ao longo do ano. En resumo, ninguén quedaba á marxe da festa, aínda que fose como protagonista principal dun bo prato de comida ao tempero. Pero o San Bieito tiña outros enigmas que o facían diferente; algúns deles aínda hoxe espertan a miña curiosidade malia a descrenza producida polos anos vividos. Coma eses milagres que nin os mellores dermatólogos explican, e que os propios médicos receitaron sempre coma o mellor remedio para os males da pel; ¿que fe podía ter un neno de catro anos que saía pedir ovos polas portas da man da súa nai para que as espullas lle desaparecesen das mans coma por ensalmo? Anos máis tarde un daqueles respectados galenos explicoume cunha estraña teoría baseada, segundo el, na “ciencia empírica” e que, a verdade sexa dita, non me

convenceu gran cousa, polo que preferín quedar coa sabedoría popular, que esa si que ten ciencia empírica.

Logo viña o da novena ao Santo, que segundo a versión de meu avó era cousa das beatas, que como non lles gustaba a festa, querían amargarlla aos demais, cousa que nunca conseguían. E por fin, as vésperas, e os foguetes que coma heraldos anunciaban a chegada do tempo de esmorga. Tamén repenicaban as campás, nunca souben se para unirse á festa, ou como advertencia non fora a ser o díaño.

### “FAJAN JASTO”

Aínda que o “Fajan Jasto” é posterior, no San Bieito de Gondomar nunca faltaron bos postos de comida onde xantar a pracer, e bos cociñeiros, coma o Valente. A súa espléndida cociña ambulante sen dúbida sería unha digna candidata a figurar nas Guías Michelin. Non era doado coller mesa no Valente, e para probar o seu “cabirto estufado” había que reservar mesa, por non falar do carneiro ao espeto, ou tomar unha simple tapa de polbo. O viño sempre era do mellor, e o albariño de Vilaza.

Neses días enchíase a Paradela de postos e barracas de todo tipo, mil e unha tentacións onde gastar os cartos que non se tiñan. No fondo da vila, en sentido ascendente cara á igrexa, situábase toda a quincalla: o “pajarito de la suerte”, as tómbolas de tiro, a bixutería barata, os fotografías cuns decorados barrocos imposíbeis, os que berraban “pasen y vean”, e nunca puiden ver o que amosaban, os primeiros xoguets de plástico... Máis arriba, nas escaleiras, estaban as cousas útiles; hoxe sería un paraíso para os etnógrafos: cancis, cabazos, cangas, temoeiros, xofradeiras, podóns, eixadas de todo tipo, fouciños, restrelos para o liño, e as gorentosas rosquillas enfiadas en gallas de salgueiro que facían babexar a grandes e pequenos. Preto da porta da igrexa, como lle cumpría ás mercadorías de uso sagrado, púñanse os cereiros vendendo exvotos, e a carón deles uns distribuidores de “merchandysin” sacro que vendían cadros de todos os tamaños e cores, con virxes e santos retratados sobre fondos de paisaxes celestiais que só con velos faríanlle revivir a fe até ao máis fero dos ateos. De todos aqueles mundos que parecían de “atrezzo” para unha película italiana, cos seus ambientes e recendos, de todos eles había un que sempre me conmovía, sendo a compaixón o sentimento que en min despertaban unha morea de tolleitos, cegos, feridos ensinando as chagas, e mulleres, moitas mulleres, vellas e novas cos seus filliños descalzos, envoltos en mantóns negros suplicando unha esmola nas escaleiras. Non me podía caber na cabeza tanta inxustiza xunta, e que alguén a permitise aínda menos. Tardaría moitos anos en dar coa resposta a todo aquilo, e pode ser que aquelas imaxes gravadas na miña mente servisen de ilustracións ou de argumentos para entender o porqué da inxustiza no mundo, un mundo que aínda hoxe se alimenta das miserias humanas.

Detrás da igrexa á man dereita, abovedado por un pequeno bosque de acacias de picos, instalaba sempre o seu posto o Pito Vello. A especialidade da casa eran as sardiñas asadas con pan de millo, servidas cun viño tamén da casa, pelexón, e de ignota procedencia. Era un recuncho co seu aquel bucólico, fresquiño no verán e sempre cuberto de herba verde, onde a única nota discordante eran as silveiras que

cubrían o abandonado cemiterio dos Disidentes, hoxe “integrado” e cristianizado por mor dunha desafortunada ampliación do cemiterio católico realizada nos anos setenta. Xusto detrás da igrexa, a poucos metros da sancristía, e a carón da fonte, era o lugar que por tradición escollían os porqueiros para colocaren alí a súa valiosa mercadoría. Segundo mo explicou anos despois un daqueles homes, non se trataba dun desprezo ou afastamento, senón todo o contrario. Para eles era unha honra estar tan preto do Santo e poder darlle así un plus de protección a uns animais tan importantes na vida dos galegos.

#### “COIDADO COAS CARTEIRAS”

Daquela, as romarías ou festas que presumían dun certo nivel non podían evitar a presenza de pícaros e moinantes nelas. Eran un mal necesario que, ben mirado, até lles puña unha migalla de emoción, e de paso, permitíalle á “autoridade governativa” non quedar á marxe dos festexos. O San Bieito de Gondomar, como non podería ser doutro xeito, tamén cumpría con esta condición. Era lóxico que iso acontecese en chegando á vila milleiros de persoas de tan variadas procedencias e condicións, e sobre todo polos cartiños que esta circunstancia puña en movemento. Sabían ben os cregos, que, malia renunciar ás cousas terreaís, nese día en número considerable deixábanse caer por Gondomar. Até trinta contou o sancristán nunha ocasión sentados á mesa. Vaia paparotas, e vaia barballadas que nin este cronista se atreve a reproducir. Eran tempos de bonanza para a Igrexa, e moi poucos dos seus ministros seguían con rigor o que predicaban desde os púlpitos. A excepción debía ser o padre dominico que todos os anos no sermón da Misa Maior, con acento de “castellano viejo”, nos atemorizada con proclamas apocalípticas e ameazaba co lume eterno. Se me deran a escoller entre o devandito Torquemada e os outros cregos, non o dubidaría; polo menos estes comprendían as cousas da xente; digo eu que sería por iso que entre consagración e sermón advertíanlles aos fregueses que tiveran “coidado con las carteras”. Pragmatismo ou interese, o resultado era dun certo alivio nas conciencias: “pradica meu frade, que por un ouvido me entra e por outro me sae”.

#### 29 DE SETEMBRO

#### SAN MIGUELIÑO DAS UVAS MADURAS, CANTO ME TARDAS, E QUE POUCO ME DURAS

Miña tía Rosa, unha muller de estirpe que morreu de vella, contábame de pequeno que tivera unha grande sorte en casar cun home de Peitíeiros. Non porque fose desa parroquia, senón por telo coñecido, “ligalo” diríase hoxe, precisamente na festa do San Miguel. Que era a derradeira do ano e, segundo ela, quen non conseguira noivo nesa festa podería considerarse candidata a solteira para sempre. Anos máis tarde puiden comprobalo por min mesmo, e non tanto por ter présa en casar, ou

“ligar”, senón pola desesperación que outros amosaban por facelo. Aquilo era un choio para os aproveitados de toda caste que facían o agosto en setembro a conta das incautas e dos incautos que se deixaban levar polas aparencias. Malia os desenganos, neses días de festa formábanse moitas parellas, algunhas delas ben curiosas e estrambóticas, que tan pronto como se facían públicas, alá a finais de ano, ía alucinando a veciñanza toda.

O que diferenciaba esta romaría de todas as demais era a importancia e o protagonismo que tiña a noite; co solpor comezaba o verdadeiro San Miguel. Entón era o momento de se encarreirar cara a Peitieiros familias enteiras cos cestos cheos de comida para cear deixando tras de si arrecendos de todas as cores. A maioría viñan camiñando dende os lugares e das parroquias máis próximas, polo que a festa sempre tiña un carácter familiar. As confianza e as churruscadas viñan despois da cea, eran os ansiados efectos colaterais do primeiro viño novo, que niso tanto Baco como o San Miguel eran moi tolerantes.

Daquela maré de xentes que se achegaban a Peitieiros sobresaían os indianos, vellos e cheos de ouro até nos dentes, que acudían á festa movidos pola súa desesperación montados nuns sensacionais “aigas” que malamente cabían polas estradas de entón. Eran a atracción máis importante da noite, e só faltaba por saber quen sería a afortunada que ao remate da festa levaría o “premio”. Fóra dos indianos, en coche só viñan algúns señoritos da Paradela, que o facían así para impresionar ás mozas, aínda que fosen uns mortos de fome. Todos sen excepción tiñan que pasar por embaixo do arco feito con fiúncho, loureiro e follas de viña con acios de uvas pendurados, se querían pasar ao torreiro e triunfar de verdade. Alí estaban agardando as mesas e os bancos feitos con táboas para cear, e como non, o posto do Valente para quen quixese darlle gusto extra ao seu padal.

Era unha noite que se estiraba até o límite, e aínda quedaba por aproveitar a volta á casa. Entre bromas e cantigas comezaba a andaina, e aínda así os máis pequenos tiñamos medo, pois contra a opinión dos maiores sentiamos rúidos e murmurios nos recunchos máis escuros do camiño. O noso asombro parecía non preocuparlle aos nosos pais, que se rían de nós facendo uns estraños comentarios, do estilo que se había roupa ao sol.... E así foi como souben, pasados moitos anos, da procedencia daqueles rúidos e murmurios, e como despois dunha noite de San Miguel aparecera debaixo das viñas do C.B. un suxeitador de cor branca e que o tal C.B. decidira colgalo nunha cana ben alta para escorrentar, coma se dun espantallo se tratara, os merlos que lle comían todas as uvas de caíño. Daquelas vendimas nocturnas e daqueles murmurios que tanto medo nos daban, naceron moitos proxectos e moita vida, aínda que alguén perdesse polo camiño algunha prenda.